

AXENDA SEMINARIO MARTES 18 - MÉRCORES 19

O Castelo de Pambre (Palas de Rei) acolle os días 18 e 19 un **espazo de encontro**, no que participarán unha vintena de profesionais, artistas e axentes sociais do ámbito autonómico e estatal, vinculadas á arquitectura da paisaxe, comunicación, deseño, artesanía ou pensamento porán sobre a mesa **experiencias de intervencións sostibles**.

Abordarán cuestións como a hospitalidade ou o deseño de lugares contemporáneos no Camiño de Santiago, as **posibilidades de transformación** do territorio a través dos seus vieiros ou o coidado e a beleza na ruta xacobeá. Daranse a coñecer exemplos de **boas prácticas** de arquitectura, do paisaxismo, do deseño ou da artesanía; e porase en cuestión **como pensar a paisaxe desde unha perspectiva sostible e contemporánea**.

MARTES 18 DE ABRIL

09:30-09:45 h	Apertura institucional. Xunta de Galicia, Concello de Palas de Rei, Fundación La Caixa
09:45-10:00 h	Presentación do Proxecto Lugares. Con Natalia Balseiro , directora da iniciativa.
10:00-10:30 h	<i>Camiño de Santiago e desenvolvemento rural. Un percorrido pola transformación do territorio a partir do Camiño de Santiago.</i> Con José Manuel Andrade , director da Fundación Juana de Vega.
10:30-11:00 h	<i>Pensar a paisaxe desde unha perspectiva contemporánea.</i> Con Paola Sangalli , bioenxeñeira e paisaxista.
11:00-11:15 h	<i>A mediación como ferramenta para o acompañamento das intervencións arquitectónicas, paisaxísticas e artísticas contemporáneas no espazo público.</i> Con Amparo Moroño , mediadora cultural.
11:15-11:30 h	<i>Que precisan do espazo público as persoas peregrinas durante o Camiño de Santiago?</i> Presentación da peza documental do estudio Miramemira .
11:30-12:00 h	Pausa de descanso - café.
12:00-13:15 h	<i>Intervencións arquitectónicas, paisaxísticas e artísticas contemporáneas no espazo público do Camiño de Santiago. Achegamentos, referencias, técnicas e perspectivas desde as diferentes linguaxes da arquitectura, da artesanía, da paisaxe e do deseño.</i> Anatxu Zabalbeascoa (periodista e historiadora da arte) charla con Paola Sangalli (paisaxista), Inés Rir (artesá), Maé Durant (arquitecta e mediadora) e Uqui Permui (deseñadora).
13:15-14:30 h	<i>Intervencións sostibles da arquitectura da paisaxe no Camiño de Santiago. Achegamentos ao patrimonio desde a arquitectura.</i> Ariadna Cantis (comunicadora e arquitecta), Carlos Pita (arquitecto), Pedro Calaza (director da Escola Galega de Paisaxe), Paola Sangalli (paisaxista).
14:30-16:45 h	Comida e descanso.

16:45-18:00 h	<i>Intervencións sostibiles da arquitectura da paisaxe no Camiño de Santiago. Linguaxes, escalas, materiais. Un camiño cara á sostibilidade.</i> Ana Amado (arquitecta), Izaskun Chinchilla (arquitecta), Carlos Seoane (arquitecto), Verónica Moar (artesa)
18:00-18:15 h	Pausa de descanso - café.
18:15-19:30 h	<i>Intervencións sostibiles da arquitectura da paisaxe no Camiño de Santiago. Intervencións situadas, conexión co territorio e coas comunidades locais.</i> Ariadna Cantis (comunicadora e arquitecta), Estelle Jullian (artista), María Fandiño (arquitecta), Julia de la Cal (artesa).
20:00 h	Visita Casa da Reboreda, no marco do proxecto Arqueixal, que simboliza a recuperación e coidado da cultura e do modo de vida tradicional do rural galego.
21:00 h	Cea e descanso.

MÉRCORES 19 DE ABRIL

10:00-11:15 h	<i>Presentación de proxectos de boas prácticas de arquitectura, deseño, artesanía e paisaxe</i> Introduce Maé Durant . Interven: Carlos Seoane . O'Banco do Piñeiro e Lavadoiro de Ribeira. Carlos Pita . Proxecto Centro de Interpretación Castromaior Portomarín. Verónica Moar . Instalación site-specific Porto de A Coruña. Santiago Besteiro . Proxecto Chantos.
11:15-11:45 h	Pausa de descanso - café.
11:45-13:00 h	<i>Presentación de proxectos de boas prácticas.</i> Introduce Ariadna Cantis . Interven: María Fandiño . Explanada no horizonte. Estelle Jullian . Proxecto <i>El Hilo</i> no Camiño Primitivo. Julia de la Cal . Cabañas e iglús de mimbre. Amalia Puga . Proxecto Entre Redes.
13:00-14:00 h	Conclusións finais, despedida e peche.

PARTICIPANTES NO SEMINARIO

	<p>AMALIA PUGA Deseñadora. A través do seu traballo, procura provocar emocións e xerar un impacto sobre a percepción e o comportamento das persoas. Inspirada polas tradicións e as súas raíces galegas, goza coa creación de proxectos que implementen solucións colaborativas entre persoas, coa finalidade de revalorizar a pequenos colectivos cunha cultura e historia enriquecedoras. O seu proxecto da cadeira Bolina foi premiado pola Asociación de Diseño Industrial ADI-FAD.</p>
	<p>AMPARO MAROÑO Licenciada en Historia da Arte e profesora colaboradora na Universitat Oberta de Catalunya. Ao longo da súa traxectoria ten traballado en museos e centros culturais no ámbito da educación e da produción cultural, como o MACBA ou o MUSAC. Na actualidade é responsable do Programa de Cultura da Mancomunidad de Municipios del Valle del Jerte, coordinando proxectos sobre paisaxe e culturas agrarias da comarca ou intervencións na paisaxe con colectivos de mulleres da comarca e creadoras que traballan desde o ecofeminismo e as prácticas artísticas colaborativas.</p>
	<p>ANA AMADO Arquitecta, fotógrafa e artista visual. Na súa obra recente salienta a fotografía con contido social e sírvese da arquitectura como marco contextual. Compaxina o seu labor como freelance especializada en fotografía de arquitectura coa docencia en escolas de arte e universidades de todo o mundo. O seu traballo foi premiado e exhibido nacional e internacionalmente en numerosas institucións culturais e museísticas; e a súa recente investigación sobre o programa de colonización do INC será obxecto dunha exposición monográfica no Museo ICO no 2024.</p>
	<p>ANATXU ZABALBEASCOA Xornalista e historiadora da arte. É a especialista en arquitectura do diario El País, no que escribe desde hai 27 anos. Autora de máis de dúas ducias de libros, entre eles <i>The New Spanish Architecture</i>, <i>Vidas construídas</i> ou <i>Todo sobre la casa</i>, no 2022 publicou <i>Gente que cuenta</i>, unha antoloxía de entrevistas con figuras como Patti Smith, Rem Koolhaas ou Zaha Hadid. Tamén foi xurado en numerosos premios de arquitectura e deseño, e foi comisaria de mostras como <i>Máscara y espejo</i>, no MACBA (1997) ou <i>Minimalismos</i>, no MNCARS Madrid (2001).</p>
	<p>ARIADNA CANTIS Arquitecta, experta en comunicación e comisaria independente. Divide a súa actividade entre a difusión da arquitectura e do urbanismo, a investigación e a xestión de proxectos, obradoiros e publicacións coa intención de xerar un pensamento crítico entre arquitectura e cultura contemporánea a través da investigación dos límites das disciplinas. Desde Madrid colabora con diferentes revistas nacionais e internacionais especializadas en arquitectura e, ao longo da súa traxectoria, ten participado en numerosas exposicións, conferencias e seminarios en América, Europa e Asia.</p>

	<p>CARLOS PITA Arquitecto e profesor de universidade. Acadou recoñecementos por proxectos como o campo de fútbol de Gandareira, en A Bandeira (Silleda) -como o Gran Premio ENOR ou Panorama de Obras da Bienal Iberoamericana de Arquitectura e Urbanismo (2019)- ou a Praza de Armas de Ferrol -Premio COAG de espazos urbanos-. A súa última obra rematada é o Centro de Interpretación do Castro de Castromaior en Portomarín. Nos últimos tempos foi deseñador da montaxe de exposicións, como <i>Cabanas MMXXIII</i> (Kiosco Alfonso e Sala Palexco da Coruña, 2023).</p>
	<p>CARLOS SEOANE Arquitecto e profesor de universidade, é tamén presidente da Fundación Compostela Arquitectura e vicepresidente da Fundación RIA impulsada por David Chipperfield. Na XV BEAU (Bienal de Arquitectura e Urbanismo) acadou o Premio de Urbanismo por O'Banco do Piñeiro e de Produto pola súa proposta de elementos de identidade do Camiño de Santiago. Unha das súas obras máis coñecidas é o Mirador Pedra da Rá, galardoado cos premios FAD, LLEDÓ e COAG. Coa súa obra ten participado tamén exposicións colectivas, como foi o caso da recente Galicia Futura.</p>
	<p>ESTELLE JULLIAN Artista. A súa práctica aborda diferentes campos como a arquitectura, a arte, a ecoloxía e a participación. Interésanlle os procesos de desenvolvemento de ferramentas inclusivas, que se poden concretar en proxectos comunitarios ou exhibicións. Este interese polas prácticas espaciais contemporáneas e polo medio ambiente fai que investigue o espazo urbano e rural dun xeito máis experimental, premiado na Biennial de Arte Público Miquel Navarro ou na Mostra Art Pública de Valencia.</p>
	<p>INÉS RODRÍGUEZ Creativa artesá, impulsora de Inés Rir& Co, estudio situado en Allariz e no que realiza produtos textís artesáns que unen tradición e novos deseños. Nos seus traballos integra o ecodeseño para favorecer a sostibilidade dos procesos, como é o uso de novos materiais como a fibra de proteína láctea. Actualmente combina a súa actividade artesanal coa investigación na creación de materiais relacionados cos residuos naturais e coa mentorización de proxectos de innovación social que promoven a dinamización dos territorios rurais a través da artesanía, o textil ou o turismo sostible.</p>
	<p>IZASKUN CHINCHILLA Arquitecta e catedrática da University College of London. É autora do libro <i>La ciudad de los cuidados</i> (Catarata, 2020). Chinchilla reivindica o compromiso da arquitectura coa innovación e no 2013 gañou o certame internacional City of Dreams cunha proposta composta por material reutilizado. Máis de 200 revistas e publicacións de arquitectura nacionais e internacionais fixeron referencia a súa obra e súa contribución no sector foi recoñecida cunha mención honorífica no Arc Vision Prize 2013, que destaca a carreira de mulleres arquitectas de todo o mundo.</p>

	<p>JOSÉ MANUEL ANDRADE Licenciado en Ciencias Económicas e Empresariais, comezou a súa carreira profesional na Fundación Juana de Vega no ano 1997, e desde o ano 2005 dirixe esta entidade que ten por obxecto contribuír ao desenvolvemento do medio rural de Galicia. A súa traxectoria profesional convérteo nun especialista en temas relacionados coas problemáticas e retos dos espazos rurais. Neste eido ten participado en diversos foros, congresos, cursos, seminarios e publicado artigos en libros e revistas. Ademais, é profesor asociado da Universidade da Coruña.</p>
	<p>JULIA DE LA CAL Ilustradora, deseñadora gráfica e artesá galega. Desenvolve proxectos de cestería aplicada ao paisaxismo, interiorismo, produto, intervencións artísticas e actividades participativas e divulgativas. Colabora con diversas entidades a través de obradoiros de cestería tradicional e contemporánea. Nos últimos anos acadou a Bolsa Eloy Gesto dos Premios Artesanía de Galicia (2021) para ampliar a súa formación de cestería e arquitectura verde en Francia e dirixiu o proxecto <i>Tramas de vimbio, achega á cestería</i> (2022) ou instalación <i>Mussolets</i> en Salt (Girona).</p>
	<p>MAÉ DURANT Arquitecta. Cofundadora de PezEstudio, unha plataforma creativa de arquitectas ecofeminista na que desenvolve proxectos r-urbanos que promoven o impacto das persoas sobre o medioambiente e o desenvolvemento de cidades máis inclusivas e con perspectiva de xénero. É cofundadora de Inteligencias Colectivas, un proxecto aberto de investigación e deseño, así como da cooperativa de prácticas colaborativas Espacio Ucrania. Nos últimos anos realizou seminarios e talleres en universidades e programas de arquitectura e deseño a nivel nacional e internacional.</p>
	<p>MARÍA FANDIÑO Arquitectura e paisaxista, a súa preocupación radica no nexo entre ambas especialidades, concretamente no deseño de espazos que conxuguen as dinámicas e a estrutura do territorio. Combina a súa actividade profesional no despacho PAISAXE coa investigación e a docencia. Na súa obra salienta a Explanada do Horizonte (Portecelo, O Rosal), galardoada con numerosos recoñecementos, entre eles o Premio Nacional de Arquitectura 2022 en Sostibilidade e Saúde.</p>
	<p>PAOLA SANGALLI Bióloga e paisaxista. Presidiu a Asociación Española de Ingeniería del Paisaje (AEIP), lidera a Federación Europea de Bioenxeñería da Paisaxe (EFIB) e é membro do consello asesor de Política Territorial do goberno vasco. Entende a paisaxe como síntese de procesos e vivencias, á que se deben achegar, ademais da técnica, historia, beleza, sensibilidade e comprensión tanto do lugar como de quen habita o mesmo. Co seu estudio Sangalli Coronel y Asociados desenvolve proxectos nos que ecoloxía e as solucións baseadas na natureza son o centro da súa acción.</p>

	<p>PEDRO CALAZA</p> <p>Doutor enxeñeiro agrónomo pola Universidade de Santiago de Compostela e Doutor arquitecto da paisaxe pola Universodade de Lisboa, é o actual director da Escola Galega da Paisaxe, decano do COIAG e membro do grupo de traballo dos bosques urbanos e periurbanos da FAO. Desenvolve o seu labor profesional como Director nacional de Infraestrutura Verde en URBASER, encabezando as actividades no campo da planificación, proxecto e xestión da paisaxe, infraestrutura verde e espazos públicos. Complementa a súa actividade como investigador e profesor na universidade.</p>
	<p>SANTIAGO BESTEIRO</p> <p>Artesán. Após a súa graduación en Belas Artes decide crear un proxecto que aúne a súa paixón polo deseño, os oficios tradicionais e a escultura.. No ano 2018 crea o Santiago Besteiro Design, un estudio-obradoiro multidisciplinar que dedicado ao deseño, desenvolvemento e elaboración de pezas artesás de alta calidade realizadas con materiais naturais e biodegradables. No ano 2022 é seleccionado para representar a España na Bienal de Artesanía HomoFaber e recibe o Premio Nacional de Artesanía na categoría de emprendemento.</p>
	<p>UQUI PERMUI</p> <p>Deseñadora gráfica e UX e profesora asociada na USC. Desenvolveu diferentes proxectos colectivos vinculados á esfera pública, á arte, ao deseño e á investigación. É o caso de <i>Proxecto-Edición</i> (2006-2009), <i>Contedor de feminismos</i> (2009-2022), <i>En Negro Contra as Violencias</i> (2015-2022) ou <i>From Spain With Design</i> (2019-2023), entre outros. É socia da Asociación Galega de deseño (DAG) e a súa representante en READ (Foro de Asociaciones de Diseño de España) da que foi presidenta nos anos 2021 e 2022. É padroeira da Fundación Castelao.</p>
	<p>VERÓNICA MOAR</p> <p>Ceramista e artista galega. A súa práctica artística caracterízase por desdebuxar as fronteiras convencionais da cerámica expandindo as súas posibilidades en eidos como a escultura, a performance ou a danza contemporánea. No 2014 acadou a bolsa Eloy Gesto dos Premios Artesanía de Galicia e nos últimos anos realizou exhibicións individuais en institucións como a Fundación DIDAC ou no Museo Arqueolóxico da Coruña, ademais de participar en proxectos expositivos colectivos con carácter nacional e internacional.</p>

KIT DE PRENSA

[https://drive.google.com/drive/folders/1Y8p5bQuUxuy6oailvyo89O3SCtB7hAE3?
usp=share_link](https://drive.google.com/drive/folders/1Y8p5bQuUxuy6oailvyo89O3SCtB7hAE3?usp=share_link)

CONTACTO DE PRENSA

Lucía Pita | 675 404 321
lucia.pita@theofficeco.es